


# II CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

Biblioteca Municipal de As Pontes

Enrique Rivera Rouco

## “DESCUBRINDO AS ESTRELAS”



PRAZO DE PRESENTACIÓN:

DO 19 DE MARZO AO 19 DE ABRIL DE 2024

Baixo a lema "DESCUBRINDO AS ESTRELAS" e con motivo de que o cometa *12P/Pons-Brooks* poderá ser visible desde a terra en abril, queremos que nos mostredes o que coñecedes ou simplemente máis vos gusta da Astronomía: os planetas, os satélites, as perseidas, os cometas, as estrelas...

Esperamos que poñades a traballar a vosa creatividade e nos presentedes os vosos debuxos, cargados como sempre de moita imaxinación e talento!!

Para inspirarvos preparamos unha guía de recomendacións de lecturas que poñemos á vosa disposición na Biblioteca e que estamos seguras, axudaranvos a coller ideas e mergullarvos neste apaixonante tema!

PARTICIPA!!

## BASES 2024

1. A Biblioteca Municipal das Pontes Enrique Rivera Rouco convoca o II Concurso de Marcapáxinas para celebrar o Día do Libro de 2024.
2. As obras presentadas serán orixinais, inéditas e libres de dereitos de autor. Non poden ser publicadas previamente nin premiadas noutros concursos. O tema que se propón é "Descubriendo as estrelas".
3. **PARTICIPACIÓN.** Cada persoa poderá participar cun único debuxo.
4. **CATEGORÍAS.** Establécense as seguintes:
  - 4.1. Infantil (de 0 a 5 anos).
  - 4.2. Primaria inicial (de 6 a 8 anos).
  - 4.3. Primaria medio (de 8 a 10 anos).
  - 4.4. Primaria superior (de 10 a 12 anos).
  - 4.5. Categoría Educación Especial.

5. **FORMATO.** Os orixinais deberán estar elaborados sobre cartolina e deberán presentarse no modelo creado para este fin que poderá recollerse na Biblioteca ou descargarse na web do Concello.

6. **PRAZO DE PRESENTACIÓN.** Desde o 19 de marzo ao 19 de abril de 2024. Os traballos entregaranse na Biblioteca Municipal de As Pontes Enrique Rivera Rouco.

7. **XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN.** O xurado estará composto por membros da Biblioteca Municipal e polo Departamento de Cultura do Concello das Pontes, así como un profesional do deseño gráfico. Valorarase a orixinalidade e a composición do traballo presentado, a calidade do deseño e a adecuación ao tema proposto.

8. **FINALISTAS.** As persoas finalistas do concurso, unha por cada categoría, recibirán un Diploma de Participación e un obsequio que se entregarán o Día do Libro (23 de abril de 2024) na Biblioteca Municipal de As Pontes.

9. **DEBUXOS GAÑADORES E PREMIOS.** De entre os debuxos finalistas o xurado ditaminará un debuxo gañador por cada categoría. Todas as obras e os nomes dos seus autores ou autoras serán expostas na Biblioteca Municipal de As Pontes a partir do 23 de abril de 2024.

10. **PREMIOS.** Os premios consistirán en lotes de libros e artigos de papelería. Ademais do correspondente premio, os marcapáxinas gañadores en cada categoría serán impresos, e regalaranse durante todo o ano aos usuarios e usuarias da Biblioteca Municipal de As Pontes.

11. **DEREITO DE PROPIEDAD.** A Biblioteca Municipal de As Pontes Enrique Rivera Rouco resérvase o dereito de publicar e difundir o nome dos gañadores e gañadoras nos medios que considere necesarios para dalos a coñecer.

12. **PARTICIPACIÓN.** Calquera imprevisto que non estea recollido na presente convocatoria será interpretado e resolto polo xurado. A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases na súa totalidade.



**Concello de  
As Pontes  
de García Rodríguez**

